

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28 DE OUTUBRO DE 2011.

- 1.- Acta da sesión ordinaria do 21 de outubro de 2011.

ALCALDÍA

- 2.- Subvención por importe de 17.700 € a favor da Agrupación de Antigos Xogadores do RC Celta de Vigo. Expte. 7427/101.

DEPORTES

- 3.- Devolución de aval a Control Central Música y Arte constituído polo evento NBA BBVA Experience on Tour. Expte. 10737/333.

FESTAS

- 4.- Devolución de aval a Hidoestructuras S.L. polo contrato de obra para a reforma e adecuación do Auditorio municipal de Castrelos. Expte. 4308/335.

FOMENTO

- 5.- Indemnización substitutiva por importe de 179.799,48 € a favor de Silverio Rivas Alonso pola adquisición dun conxunto escultórico con motivo da celebración do Bicentenario da Cidade. Expte. 1056/440.
- 6.- Addenda nº1 ao Convenio subscrito pola Xunta de Galicia, o Organismo Autónomo Augas de Galicia e o Concello de Vigo con Aguas de la Cuenca del Norte, como usuarios da actuación hidráulica "Saneamentos de Vigo". Expte. 1049/440.
- 7.- Proxecto básico e de execución para adecuación dun local como Escola Infantil na Dobrada, rúa Martínez Garrido nº 29. Expte. 2021/443.

IGUALDADE

- 8.- Proxecto de convenio de colaboración entre a Federación Veciñal Eduardo Chao e o Concello de Vigo para coadxuvar o financiamento das "XVIII Xornadas Veciñais" e o "Programa de integración do enfoque de xénero nas asociacións veciñais de Vigo". Expte. 4990/224.

MONTES, PARQUES E XARDÍNS

- 9.- Devolución de aval a Ignacio Fernández Lorenzo constituído pola instalación dunha estada en zona verde da rúa Casiano Martínez nº 20. Expte. 6275/446.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- 10.- Dar conta da relación de expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de setembro de 2011. Expte. 1325/334.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- 11.- Proposta de autorización de gasto a favor de D. Francisco J. Gutiérrez Orúe para realizar o curso “Técnico Superior de Xestión de Programas de Emprego”. Expte. 5442/320.

PATRIMONIO

- 12.- Recurso de reposición interposto por D. José Antonio Camblor García (Comunidade de Propietarios Edificio nº 10 r/Couto de San Honorato) en relación coa recuperación de oficio da posesión municipal da zona porticada en dito edificio. Estimado. Expte. 19048/240.

RECURSOS HUMANOS

- 13.- Complemento de produtividade do persoal do Servizo de Cemiterios por xornada partida correspondente ao mes de setembro de 2011. Expte. 22429/220.
- 14.- Complemento de produtividade do persoal do Servizo de Parque Móbil, por conducir maquinaria pesada correspondente ao 3º trimestre 2011. Expte. 22430/220.

SEGURIDADE

- 15.- Devolución de avais:
- a) Construcciones Sito y Fernández S.L. Expte. 81335/210.
 - b) Asociación de Festas Virxe do Rosario de San Andrés de Comesaña. Expte. 81328/210.

URBANISMO

- 16.- Aprobación definitiva das bases e estatutos da Xunta de Compensación da APR “AOD A-4-05 Hispanidade”. Expte. 5003/401.
- 17.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **28 de outubro de 2011**, ás **9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois (10,00 h.) en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

Vigo, 26 de outubro de 2011.

me.

O ALCALDE,

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA
XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez

D^a. M^a Jesús Lago Rey.